



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Estimadas familias:

O pasado 16 de marzo saíu publicada no Diario Oficial de Galicia a *RESOLUCIÓN do 7 de marzo de 2023 pola que se convoca o procedemento de adxudicación de **prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes do Consorcio para o curso 2023/24***, xunto cos formularios habilitados para a tramitación do procedemento.

Serán **requisitos imprescindibles** para ser adxudicatario/a de praza nas escolas infantís 0-3 xestionadas polo Consorcio:

- Que a/o nena/o estea nada no momento da presentación da solicitude.
- Que teña unha idade mínima de tres meses na data de ingreso.
- Que non teña cumprido os tres anos de idade ó 31 de decembro de 2023.

Prazo de presentación de solicitudes do **VENRES 17/03/2023 e remata o 05/04/2023**.

A **presentación** das solicitudes farase preferiblemente a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia. <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación das solicitudes e documentación, as familias poderán empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>)

Toda a documentación e Anexos estarán dispoñibles para as familias interesadas nas páxinas web de <https://politicasocial.xunta.gal>, <https://www.igualdadebenestar.org>

Os códigos de identificación do procedemento para a adxudicación de prazas nas Escolas dependentes do Consorcio son os seguintes:

- Para as solicitudes de praza de **NOVO INGRESO ANEXO I** Código de procedemento: **BS404A**
- Para as solicitudes de **RENOVACIÓN ANEXO V** Código de procedemento: **BS404B**

Tamén poderán presentar a documentación requirida na propia escola:

Escola Infantil de Camariñas

Av/ Eugenio López, 36

15123 Camariñas A Coruña

teléfono: 981736104

Begoña Tajés Méndez

Concelleira de servizos sociais e igualdade